

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 1 de xullo de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D. José Manuel Figueroa Vila
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D^a. Corina Porro Martínez
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día un de xullo de dous mil cinco e baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde, Sr. Figueroa Vila, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro Sr. López-Chaves, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o secretario xeral do pleno, Sr. Riesgo Boluda, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(788).- AUTORIZACIÓN DA CESIÓN DE USO DO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS A EMPRESA DIBEKA MUSIC S.L. PARA A REALIZACIÓN DUN ESPECTÁCULO MUSICAL O DÍA 3 DE XULLO DE 2005. EXPTE. 1554/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Festas e Animación Sociocultrual do 28.06.05, conformado polo concelleiro de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a cesión de uso das instalacións e equipamentos do auditorio ao aire libre do Parque de Castrelos á empresa DIBEKA MUSIC S.L., CIF B-83841304, para a realización dun espectáculo musical, según as seguintes condicións:

1. A cesión realizarase entre as 8'30 horas do día 3 de xullo, domingo ata as 08,00 do día 4 de xullo, luns e comprenderá os equipamentos e a infraestrutura coa que conta o auditorio. O Concello non asumirá ningunha outra necesaria a maiores.

2. A responsabilidade civil e de calquera outra índole derivadas da celebración do espectáculo será exclusivamente da empresa, como organizadora do mesmo.
3. O Concello encargarse do subministro eléctrico, limpeza do recinto interior e do graderío, xestión da presenza da Policía Local, Bombeiros e Protección Civil. Ademais, designará unha persoa encargada de custodiar as chaves do recinto durante todo o periodo e asesorarlles nas súas posibilidades de utilización.
4. A carga máxima permitida para a cuberta da estrutura do escenario é de 2.500.- quilogramos, non permitindo baixo ningún concepto superar este límite.
5. Calquera deterioro nas instalacións ou equipamentos cedidos deberá ser repostado ou reparado de inmediato trala celebración do espectáculo por conta da empresa.
6. O control do aforo, o sistema de acceso de público ao recinto interior e o seu control será total responsabilidade da empresa, como organizadora do espectáculo.
7. O Concello non asumirá ningún outro compromiso agás os especificados nos apartados anteriores.

2(789).- AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DE USO DO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS Á FUNDACIÓN VIGO EN DEPORTE (VIDE) PARA A REALIZACIÓN DO ACTO INAUGURAL DO “TORNEO INTERNACIONAL DE FÚTBOL BASE VIGO CUP 05” O DÍA 4 DE XULLO DE 2005. EXPTE. 1555/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Festas e Animación Sociocultural do 28.06.05, conformado polo concelleiro de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a cesión de uso das instalacións e equipamentos do auditorio ao aire libre do Parque de Castrelos á Fundación Vigo en Deporte (VIDE) CIF: G-36894020 para a realización do acto inaugural do “Torneo Internacional de Fútbol Base Vigo Cup 05”, según as seguintes condicións:

1. A cesión realizarase entre as 09,00 horas do día 4 de xullo, luns ata as 08,00 do día 5 de xullo, martes e comprenderá os equipamentos e a infraestrutura coa que conta o auditorio. O Concello non asumirá ningunha outra necesaria a maiores.
2. A responsabilidade civil e de calquera outra índole derivadas da celebración do espectáculo será exclusivamente da empresa, como organizadora do mesmo.
3. O Concello encargarse do subministro eléctrico, limpeza do recinto interior e do graderío, xestión da presenza da Policía Local, Bombeiros e Protección Civil. Ademais, designará unha persoa encargada de custodiar as chaves do recinto durante todo o periodo e asesorarlles nas súas posibilidades de utilización.
4. A carga máxima permitida para a cuberta da estrutura do escenario é de 2.500.- quilogramos, non permitindo baixo ningún concepto superar este límite.

5. Calquera deterioro nas instalacións ou equipamentos cedidos deberá ser repostado ou reparado de inmediato trala celebración do evento por conta da empresa.
6. O control do aforo, o sistema de acceso de público ao recinto interior e o seu control será total responsabilidade da empresa, como organizadora do evento.
7. O Concello non asumirá ningún outro compromiso agás os especificados nos apartados anteriores.

3(790).- DELEGACIÓN EN DETERMINADOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA AUTORIZACIÓN PARA A OCUPACIÓN TEMPORAL DE BENS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.

Dáse conta da proposta da Excma. Alcaldesa, de data 30.06.05, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

O artigo 127.1.f) da Lei 7/1985 de 2 de abril (LBRL), introducido pola Lei 53/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local atribúe á Xunta de Goberno Local a xestión do patrimonio municipal, por outro lado o apartado e) do mesmo precepto reconece á Xunta de Goberno Local, a concesión de calquera tipo de licenza, entre as que se deben incluír as denominadas “autorizacións”.

Por xestión do patrimonio, debe entenderse, no seu amplo sentido, calquera resolución ou negocio xurídico relativo a bens de titularidade municipal sexan estos de dominio público ou patrimoniais..

Razóns de eficacia no funcionamento da Administración municipal recomandan que determinados acordos relativos á devandita materia, e que xeralmente son solicitados para que sexan dictados en breve prazo, sexan resoltos coa maior celeridade posible, sen prexuízo de que no expediente en cuestión se integren os informes e demais trámites de instrucción sectorial que resulten necesarios.

De conformidade co exposto e ao abeiro do sinalado no artigo 127.2 da LBRL propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Delegar no concelleiro-delegado de Patrimonio e Xestión Municipal, e na súa ausencia na membro da Xunta de Goberno Local responsable da Participación Cidadá, os acordos relativos as autorizacións da cesión temporal de inmobles de titularidade municipal adscritos ao dominio público, cando tal cesión, que poderá ser gratuíta cando sexa utilizada por outros entes públicos ou entidades sen ánimo de lucro, sexa por un prazo non superior a 20 días naturais e venga referida a celebración de actos culturais, deportivos, lúdicos, recreativos, conferencias, seminarios, presentacións u outros eventos similares.

SEGUNDO.- O concelleiro-delegado ou o seu substituto deberán fixar no acto de autorización, tanto as condicións de utilización do inmovible, establecendo o necesario para que tal uso non interfira no que corresponde ao órgano administrativo que tivese afectado ou adscrito o ben en cuestión, como a contraprestación que no seu caso deba satisfacer o solicitante.

TERCEIRO.- O acordo de autorización mencionará, cando menos os seguintes extremos:

- a) Réxime de uso do ben.
- b) Réxime económico no que, no seu caso, quede suxeita a autorización.
- c) Garantía a prestar, no seu caso.
- d) Asunción de gastos de conservación e mantemento, así como, o compromiso de utilizar o ben segundo a súa natureza e entregalo no estado que se recibe.

- e) *O compromiso de previa obtención á súa costa de cantas licenzas e permisos requiren o uso do ben ou a actividade a realizar sobre o mesmo.*
- f) *A asunción da responsabilidade derivada da ocupación, con mención, de ser o caso, da obrigabilidade de formalizar a oportuna póliza de seguros, aval bancario ou outra garantía suficiente.*
- g) *A aceptación da revocación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público.*
- h) *A reserva por parte do Concello da facultade de inspeccionar o ben obxecto da cesión, para garantir que o mesmo e usado conforme á autorización.*
- i) *O prazo e réxime de prórroga ou subrogación que en todo caso requira autorización.*
- j) *As causas de extinción.*

CUARTO.- A autorización da cesión temporal non estará suxeita a taxa cando o aproveitamento previsto non leve aparelhada utilidade económica para o autorizante ou, que existindo dita utilidade, esta supoña contraprestacións para o beneficiario que a anulen ou a fagan irrelevante.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a procedente proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e doce minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Ignacio López-Chaves Castro.